

CÁNDIDO MÉNDEZ RECIBE O PREMIO AO TRABALLO DIGNO DA FUNDACIÓN LUÍS TILVE

O que fora secretario xeral de UGT presentou en Santiago, acompañado pola xornalista de La Voz de Galicia Sofía Vázquez e polo secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, o seu libro "Por una nueva conciencia social"

Redacción.- Este martes o que fora secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, foi o protagonista de dous actos organizados por UGT-Galicia e pola Fundación Luís Tilve en Santiago, no edificio Cersia.

A mañá comezou coa presentación do libro "Por una nueva conciencia social". Neste acto o seu autor, Cándido Méndez, foi desgranando o contido da publicación a través dun áxil e intenso diálogo mantido co secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, e a xornalista de La Voz de Galicia Sofía Vázquez.

económico na UE non pode atrasarse máis no tempo.

En canto a España, valorou que estamos á cabeza na revolución verde e dixital pero moi coxos en materia de innovación e competitividade e pediu



Esta mesa de diálogo a tres deu pe a que Méndez achegase a súa opinión sobre diversos temas que forman parte da actualidade política, social e laboral máis inmediata. Falou da política de aranceis e apostou porque esta se implantase en Europa de xeito transitorio; avogou por outro modelo de turismo para o país, máis sostible; apuntou a necesidade dunha aposta pola transición verde e a dixital para repoboar e darlle vida e contido aos núcleos que presentan problemas de poboación e que tantos hai ao longo da xeografía rural do país; propuxo máis Europa, con máis diñeiro pero con menos burocracia; e, neste senso, considerou que o relanzamento

por unha transición xusta.

Para Méndez, chegou o momento dun gran pacto polo emprego a nivel do Estado. Un acordo que contemple produtividade, redución de xornada ou as transformacións verde e dixital, entre outros aspectos.

En canto ao título do libro "Por una nueva conciencia social", insistiu en que o mundo xa non é como era e urxe incorporar novos valores.

Méndez tamén falou de inmigración e pediu, ao respecto, que se deixe de "ma-

tempo para facer as transicións que se esixen e, sempre, aplicando sobre as mesmas unha taxonomía social facendo fincapé no emprego para non xerar resistencia. Nestes procesos de transformación hai que dar alternativas ao emprego e é aquí onde os sindicatos teñen un papel moi importante que xogar, precisou, que decisivo. En definitiva, hai que apostar

nosear" este tema. Ao respecto, lembrou que xa UGT e CCOO negociaron no seu momento co ministro Pimentel un acordo de inmigración ordeada, polo que o camiño xa está feito, non hai nada novo que inventar, o camiño a seguir está ben claro.

Finalmente, apelou ao consenso para garantir un contexto político máis estable que non free a etapa de bonanza económica que está a vivir o país. A suma do consenso político e a intelixencia social que xa estamos a vivir sería o caldo de cultivo perfecto para a conxuntura económica actual.

Entrega Premio Fundación Luís Tilve ao Traballo Digno

No acto de entrega do Premio da Fundación Luís Tilve ao Traballo Digno tanto o presidente da Fundación como o seu secretario, José Benito Núñez e Rogelio Pérez, respectivamente, fixeron unha semblanza do homenaxeado destacando o seu traballo incansable a prol da defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

O galardado fixo fincapé en que este é un premio "dos que chegan ao corazón e que enchen de orgullo porque é conce-

dido por aqueles que mellor te coñecen, os teus compañeiros do Sindicato, coñecente nos momentos bos pero tamén nos malos”.

Trasladou a súa satisfacción polo conseguido polo Sindicato e a súa confianza de cara ao futuro nunha UGT equilibrada e que vai ser máis necesaria que nunca. Concluíu agradecendo a distinción e afirmando que “eu estiven no mellor sitio posible, a UGT”.

No acto de clausura tomou a palabra o secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, que indicou que “debemos transmitir á sociedade a necesidade de recuperar a conciencia de clase, sobre todo cando se detecta unha perda do espírito solidario, colectivo, nun mundo cada vez máis individualista”.

Pola súa banda, a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, subliñou o papel central e constitucional das organizacións sindicais na articulación do estado de benestar e, ao respecto, incidiu no diálogo social a través do cal nos momentos máis difíciles se puideron articular unha serie de medidas que contribuíron a non deixar a ninguén atrás nos momentos máis duros.



O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración agradeceu o papel de Cándido Méndez no arranque da democracia e o seu traballo pola cohesión. Neste senso, apostou polo consenso e por chegar a acordos e en Galicia comprometeuse á institucionalización do diálogo social e manifestou amosarse satisfeito co traballo realizado conxuntamente ata o momento con UGT e CCOO.

Para rematar o acto, José Antonio Gómez fixo un recoñecemento ás xeracións que, como as de Cándido Méndez, fixeron

un importante esforzo e un arduo traballo na defensa dos dereitos e liberdades nun momento moi difícil e hoxe gozamos de moitos dereitos grazas a isto.

Tamén amosou a súa preocupación pola deriva que está a tomar o tema da inmigración, con mensaxes e xeitos de actuar, incluso dende a propia UE, cada vez máis reaccionarios.

Finalmente, fixo fincapé en que UGT sempre ofreceu consenso e vaino seguir facendo.

ENDURÉCESE A FOLGA NA CRTVG POLA NEGATIVA DA DIRECCIÓN A DIALOGAR

O secretario xeral de UGT-Galicia achégase á concentración para trasladarlle aos traballadores e traballadoras o seu apoio

Redacción.- Na décimo primeira xornada de folga na CRTVG, que xa vai pola súa cuarta semana, o Comité Intercentros, convocante da mobilización nos medios públicos, vén de comunicar formalmente o endurecemento do conflito por mor da nova negativa da dirección a dialogar.

Unha vez descartada a vía do diálogo pola dirección de recursos humanos, que asegurou xa no comezo das mobilizacións non ter nada que negociar co comité de folga, os sindicatos solicitaron a mediación das súas secretarías xerais, que solicitaron o 23 de outubro unha xuntanza co máximo responsable do ente, Alfonso Sánchez Izquierdo, para intentar impulsar un espazo de diálogo. O director xeral da CRTVG, que nun primeiro momento lles transmitiu a súa intención de aceptar ese convite, rexeitou finalmente esta semana manter esa reunión.

É a denegación desa solicitude de apertura do diálogo ao máximo nivel, que o comité intercentros con-

sidera irresponsable, negligente e allea aos intereses do servizo público, a que xustifica o endurecemento da convocatoria da folga en curso.

Así, a partir do vindeiro luns 11 de novembro, e con carácter indefinido durante os luns, mércores e venres, o horario do paro amplíase en 45 minutos, pasando das 11 ás 13 horas actuais a prorrogarse ata as 13:45 horas, co obxectivo de impactar de cheo na emisión do controvertido programa “O Termómetro”, mecha do conflito. Intentarase que con esta modificación horaria non poida chegar a saír ao aire nin un minuto.

A partir do 1 de decembro a folga, mantendo ese horario ampliado, pa-



sará xa a celebrarse durante todos os días da semana ordinaria, de luns a venres, o que podería, se a convocatoria ten éxito e se secunda como ata o de agora, abortar por completo a posibilidade de emisión dese programa, un tempo de televisión pública que o persoal en folga quere recuperar para produtos e formatos de produción propia, é dicir, feitos integramente con medios técnicos e humanos da CRTVG.

GRAN SEGUIMIENTO EN GALICIA DA FOLGA DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS A PROL DA XUBILACIÓN ANTICIPADA

UGT e CCOO congratúlanse do “éxito” da convocatoria malia os elevados servizos mínimos e a “desaparición” da CIG

Redacción.- UGT e CCOO salientan o gran seguimento en Galicia da folga no sector de transporte de viaxeiros, tanto urbanos como interurbanos, coa que se quere esixir a aplicación de coeficientes reductores para unha xubilación anticipada. Ambas as dúas organizacións congratúlanse deste “éxito” malia os elevados servizos mínimos —entre o 40 e o 70%, segundo os casos— e a “desaparición” da CIG, que non se sumou á convocatoria.

Segundo os sindicatos convocantes, o seguimento da folga foi “maioritario” no sector e transcorreu sen incidencias. As próximas xornadas de folga serán os días

11, 28 e 29 de novembro e 5, 9 e 23 de decembro. A partir desta última data, o paro sería xa indefinido.

Coeficientes reductores




Como se indicou, a folga pretende que se recolla no convenio colectivo unha xubilación parcial con contrato de substitución, voluntaria para a persoa condutora que poida acumular de forma continuada a porcentaxe de horas que ten que traballar e que, no seu lugar, entre unha persoa nova. Esta sería unha solución provisional ata que se fosen acumulando coeficientes reductores “pola

penosidade e o perigo da profesión”, aducen.

Bloqueo patronal

CCOO e UGT lamentan as consecuencias que esta folga poida ocasionar-lles ás persoas usuarias e lembran que a responsabilidade está no tellado das patronais Confibus e ATTUC, que son as que poderían asinar coa parte sindical a solicitude do inicio de procedemento para aplicar os ditos coeficientes reductores.



OS TRABALLADORES DE NAVANTIA TRASLADAN AS SÚAS REIVINDICACIÓNS Á SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO NA CORUÑA POR UN CONVENIO ÚNICO E UN PLAN INDUSTRIAL QUE GARANTA O FUTURO DAS FACTORÍAS

Se non se pecha un acordo antes, o día 21 está prevista unha mobilización en Madrid das sete factorías de Navantia

Redacción.- Os traballadores tanto de Navantia Fene como Ferrol trasladaron onte as súas demandas á Subdelegación do Goberno na Coruña e protagonizaron simultaneamente á xuntanza mantida unha concentración.

Convenio único, plant industrial e novas incorporacións

O convenio único e un plan industrial, acompañado de novas incorporacións, que garanta o futuro das factorías son as demandas que están enriba da mesa e que veñen motivando mobilizacións dende hai meses.

Se nas xuntanzas previstas para os próximos días non se pechan acor-



dos que sexan satisfactorios coas demandas dos traballadores, o día 21 haberá unha gran concentración en

Madrid á que están convocados os cadros de persoal das sete factorías que Navantia ten en España.

CONVENIO ÚNICO PARA O PERSOAL DAS CATRO FUNDACIÓNS PÚBLICAS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA

Redacción.- Este mércores os traballadores e traballadoras das fundacións públicas de investigación sanitaria galegas mobilizáronse fronte á Consellería de Sanidade en demanda dun convenio único para todo o persoal das catro fundacións: Fundación Biomédica Galicia Sur de Vigo, Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela e Fundación de Investigación Biomédica libic da Coruña.

Na protesta participaron responsables sindicais de UGT, xunto cos outros sindicatos, e rexistraron unha solicitude formal para que os reciba o conselleiro, Antonio Gómez Caamaño, e non descartan convocar unha folga.



A POLÍTICA ECONÓMICA E O DIÁLOGO SOCIAL SENTARON AS BASES DUN CRECEMENTO MÁIS EQUILIBRADO

A economía española avanza a bo ritmo pero é imprescindible que os salarios recuperen o poder adquisitivo e profundar na implantación do Plan de Recuperación

Redacción.- O avance da Contabilidade Nacional Trimestral correspondente ao terceiro trimestre de 2024 estima un crecemento do PIB do 0,8% respecto ao trimestre anterior, o que implica un aumento anual do 3,4%. Este é o seu maior crecemento anual desde o primeiro trimestre de 2023. Mantense, por tanto, a tendencia á alza da actividade, de forma que se espera que o PIB poida alcanzar o 2,7% no total de 2024.

En relación coa información publicada esta semana, cabe destacar un aumento trimestral do consumo do 1,4%, mentres que o investimento produtivo descende un 0,9%, sendo o primeiro retroceso tras tres trimestres de aumentos. Polo lado da oferta, rexístranse incrementos na actividade en todos os sectores salvo na construción que cae un 1,4%.

É evidente que a economía española atravesará un momento doce, cun aumento do emprego robusto (que se volveu a ver na EPA do terceiro trimestre, publicada a semana pasada) e un crecemento do PIB tamén notable, acelerando por cuarta vez consecutiva, de confirmarse o dato provisional publicado. Parte deste éxito débese á moderación dos prezos e ao cambio das expectativas económicas, sobre todo despois do cambio de rumbo da política económica que o Banco Central Europeo (BCE) levou a cabo.

Dun lado, polo que se refire á modera-

ción dos prezos, a inflación foise reducindo ata rexistrar unha taxa anual do IPC do 1,5% en outubro segundo o dato avanzado coñecido, o seu valor máis baixo en 3 anos e medio, e un 2,8% en media para 2024. Esta complementábase coas melloras salariais que se rexistran nos convenios colectivos, que ata setembro son do 3,9% en media para os asinados en 2024. Desta maneira, os salarios comezan a recuperar poder de compra, en boa medida como consecuencia do Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva que se asinou en maio de 2023 e que impulsou a negociación salarial á alza.

Doutra banda, tras dous anos de subidas de tipos de interese, o BCE realizou a mediados de 2024 a primeira baixada, algo que UGT reclamara con insistencia, posto que a crise inflacionaria respondía sobre todo a problemas de oferta. Desde entón acumula tres descensos, ata situar o tipo de referencia no 3,25%, e coa expectativa de, polo menos, un novo descenso antes de fin de ano, o que favorece o investimento e libera fondos da débeda hipotecaria dos fogares que poden dedicar ao consumo.

Pero, sobre todo, a boa situación económica actual derívase da adecuada estratexia de política económica aplicada desde a pandemia, con actuacións e reformas que minimizaron os danos daquela e que sentaron as bases dun crecemento máis equilibrado. En especial, hai que poñer en valor as actuacións que se derivaron

do acordo no diálogo social.

Os fondos europeos como ferramenta de transformación do modelo produtivo

A iso sumáronse instrumentos como os fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que están a contribuír a impulsar a economía española, sobre todo desde 2023. Neste sentido, os recursos deste plan están a exercer como ferramenta de transformación do modelo produtivo actual, virando as actividades cara a outras máis sostibles, de alto valor engadido e con mellores condicións laborais, como sucede con algunhas industrias. Con todo, non están a lograr atraer de maneira suficiente investimento privado, algo que se pode contrastar co ritmo tan moderado de crecemento que recolle o investimento produtivo na Contabilidade Nacional (un 1,8% anual).

En definitiva, a economía española avanza a bo ritmo, mellorando mesmo respecto aos últimos trimestres e con previsións de continuar nesta liña. Con todo, é imprescindible que os salarios recuperen o poder adquisitivo perdido coa crise inflacionaria, ademais de profundar na implantación do Plan de Recuperación, para que sexa capaz de atraer o investimento privado e sentar os cimentos do crecemento no medio e longo prazo cunha visión sostible, de progreso e de xustiza social.

A MELLORA DO PODER ADQUISITIVO DEBE SER O OBXECTIVO NUN CONTEXTO DE BONANZA ECONÓMICA

O escenario positivo en materia de prezos debe permitir unha mellor distribución da renda e un crecemento máis equilibrado e sostible

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de outubro, publicados esta semana polo INE, sitúan a inflación anual nun 1,8%, tres décimas máis que en setembro, como consecuencia do encarecemento dos carburantes e, en menor medida, da electricidade e o gas. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, aumenta unha décima respecto ao mes anterior, cunha variación anual do 2,4%.

Por tanto, consolídase a senda de moderación do nivel xeral de prezos no noso país, en liña coa tendencia na zona euro, o que permitiu que o BCE relaxase nos últimos meses a súa política monetaria baixando os tipos de interese, e beneficiará á actividade da área e o peto dos fogares. Un positivo escenario en materia de prezos que debe permitir unha mellor distribución da renda e un crecemento

máis equilibrado e sostible.

En particular, e polo que se refire á evolución salarial, os incrementos pactados nos convenios asinados en 2024 ascenden ao 3,9%, 1,1 puntos por encima da inflación media (2,8%). Con todo, o incremento medio de todos os convenios é do 3%, polo que a mellora salarial, impulsada polo AENC (2023-2025), debe seguir reforzándose no último trimestre do ano cun obxectivo final claro: a mellora do poder adquisitivo de todas as persoas traballadoras, nun contexto de bonanza económica.

Con todo, a pesar da mellora salarial, a burbulla de prezos no mercado da vivenda



provoca que o acceso á mesma sexa un crebacabezas para boa parte da poboación traballadora. É por iso que UGT realizou unha reclamación colectiva ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais para que o dereito á vivenda pódase exercer efectivamente no noso país e poida ser requirido nos xulgados.

UGT AMOSA A SÚA SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DA DINA E TRASLADA O SEU PESAR ÁS FAMILIAS E ACHEGADOS DAS PERSOAS FALECIDAS

AS EMPRESAS ESTÁN OBRIGADAS A PROTEXER ÁS PERSOAS TRABALLADORAS NOS FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores lamenta profundamente as perdas humanas provocadas polo paso da DINA e transmitimos o noso máis sentido pésame aos e as familiares das vítimas. A DINA afectou notablemente á zona este e sur da península, provocando inundacións, cortes de estradas e transportes, ademais de graves desfeitas materiais. E deixa, de maneira provisional, polo menos 95 persoas falecidas e aínda quedan persoas desaparecidas.

Fronte a esta grave situación, desde UGT lembramos que as empresas deben protexer a seguridade e saúde das persoas traballadoras segundo o art. 14 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Na grave situación na que se atopan moitas localidades da nosa xeografía, as empresas deben tomar a iniciativa e, se acudir ao traballo supón un risco polo estado das estradas, por exemplo, recorran ao teletraballo, se a actividade o permite, ou indiquen ao seu persoal que non acuda ao seu posto de traballo para evitar accidentes laborais. Se a empresa non toma estas medidas e a asistencia ao lugar de traballo resulta perigosa debido ás consecuencias da DINA, as persoas traballadoras deben avisar da súa ausencia xustificando esta imposibilidade.

Tamén é importante lembrar que o art. 21

da Lei de Prevención de Riscos Laborais recolle o risco grave ou inminente, isto dá dereito ás persoas traballadoras a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo cando considere que dita actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde. Nestes casos, a empresa ten a obriga de informar a todas as persoas traballadoras do devandito risco e das medidas de protección que se deban adoptar. Ademais, a empresa deberá dar as instrucións necesarias para que, en caso de perigo grave, inminente e inevitable, as persoas traballadoras poidan interromper a súa actividade e, se fose necesario, abandonar de inmediato o lugar de traballo. Neste suposto non poderá esixirse aos traballadores que renoven a súa actividade mentres persista o perigo, salvo excepción debidamente xustificada por razóns de seguridade e determinada regulamentariamente.

Se a empresa non adopta ou non permite a adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e a saúde das e os traballadores e existe un risco grave e inminente, os representantes legais destes poderán acordar a paralización da actividade. Tal acordo será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral. Ademais, as persoas traballadoras ou os seus representantes non poderán sufrir prexuízo algún de-

rivado da adopción das medidas a que se refiren os apartados anteriores, a menos que obrasen de mala fe ou cometido negligencia grave.

Desde UGT insistimos que as empresas teñen a obriga de realizar a avaliación dos riscos laborais relacionados coa exposición a fenómenos meteorolóxicos adversos, na que deberán terse en conta as características da tarefa e as características persoais e o estado biolóxico coñecido da persoa traballadora. Ademais, deben adoptar as medidas preventivas que se deriven dos resultados da avaliación de riscos.

Para aqueles casos nos que non se poida garantir a debida protección da persoa traballadora, prohibese o desenvolvemento de determinadas tarefas durante as horas do día nas que se dean fenómenos meteorolóxicos adversos. Nestes casos non procede a redución do salario daquelas persoas traballadoras que se vexan afectadas por esta medida. Para os casos de avisos meteorolóxicos de nivel laranxa ou vermello e cando as medidas preventivas anteriores non garantan a protección das persoas traballadoras, faise obrigatorio para as empresas, adaptar as condicións de traballo, incluíndo a redución ou modificación das horas de desenvolvemento da xornada.